

O **Concello de Ordes** celebra a **XXIX edición da súa Carreira Popular** o domingo 24 de maio de 2026 na localidade de Ordes, baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago), de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control técnico das probas estará a cargo do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORÍAS E DISTANCIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIAS
BABY *	2022 e posteriores	300 metros
PREBENXAMÍN *	2019-2020-2021	300 metros
SUB 10	2017-2018	1.200 metros
SUB 12	2015-2016	1.200 metros
SUB 14	2013-2014	2.400 metros
SUB 16	2011-2012	2.400 metros
SUB 18	2009-2010	8.500 metros
SUB 20	Nados/as en 2007-2008	8.500 metros
SUB 23	Nados/as en 2004-2005-2006	8.500 metros
SENIOR	Nados/as en 2003 ata 1992	8.500 metros
MASTER 1	Nados/as en 1986 ata 1991	8.500 metros
MASTER 2	Nados/as en 1976 ata 1985	8.500 metros
MASTER 3	Nados/as en 1966 ata 1975	8.500 metros
MASTER 4	Nados/as antes de 1965	8.500 metros

***As categorías BABY e PREBENXAMÍN non son categorías federadas.**

Para o control da carreira (excepto categorías baby e prebenxamin) todos os participantes deberán levar un **CHIP** que lles será entregado xunto co seu dorsal e que irá colocado na parte de atrás do dorsal.

3. HORARIO DAS PROBAS

Todos os participantes deberán colocarse na liña de saída 5 minutos antes do inicio de cada proba, situada na Alameda de Ordes (ao carón da Casa Consistorial).

HORA	CATEGORÍA
10:00 h	Baby e Prebenxamín (300 metros)
10:10 h	Sub 14 e Sub 16 (2400 metros)
10:40 h	Sub 10 e Sub 12 (1200 metros)
11:00 h	Sub 18, Sub 20, Sub 23, Senior e Máster (8500 metros)

4. INSCRICIONS:

- Categorias de Baby a Sub 18: faranse cumprimentando os campos indicados a través do formulario de inscrición presente na web www.carreirasgalegas.com.
- Categorias Sub 20-Sub 23, Senior e Master, poderán facelo visitando a páxina web www.carreirasgalegas.com onde se lle indicarán os pasos que deberán efectuar para formalizar a inscrición.

PREZO DE INSCRICIÓN:

- *CATEGORÍAS ESCOLARES:* **GRATUITA**
- *DE SUB 18 A MÁSTER:* **5,00 €**

Para máis información, poderán utilizar o teléfono do Departamento de Deportes do Concello de Ordes: **981 680002 (ext. 5)**.

O prazo de inscrición rematará o **mércores 20 de maio de 2026 ás 23:59 horas.**

NON SE ADMITIRAN INSCRICIÓNS FÓRA DO PRAZO ESTABLECIDO.

Os dorsais e os chips recolleranse na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** situada a carón da Casa do Concello ata **MEDIA HORA** antes do inicio da proba correspondente.

5. PARTICIPACIÓN DE ATLETAS DE OUTRAS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E EXTRANXEIROS:

A participación de atletas estranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase acordo co disposto no artigo 17 da normativa RFEA. Máis información de esta norma no seguinte ligazón:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2020/05_reglamento_comp.pdf

6. PERCORRIDO

Ao longo do percorrido, a organización situará controis nos cales se poderá descualificar a calquera atleta que incumpra a normativa da competición (saírse do percorrido, sacar o dorsal, empurrar ou obstaculizar a outros atletas...).

O percorrido da proba de 8.500 metros estará sinalado cada quilómetro.

Todo atleta que chegue a liña de meta sen o seu dorsal colocado correctamente na zona do peito, en toda a súa extensión será automaticamente descualificado.

7. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

Haberá trofeo para os 3 primeiros clasificados a partir da categoría sub 10 (en mulleres e homes), distribuídos como segue:

- SUB 10
- SUB 12
- SUB 14
- SUB 16
- SUB 18
- ABSOLUTA (SUB 20 - SUB 23 - SENIOR)
- MASTER 1 e 2
- MASTER 3 e 4

Tamén se outorgará trofeo ós 3 primeiros clasificados do Concello (deberán estar censados) da clasificación xeral formada polas categorías SUB 20, SUB 23, SENIOR e MASTER, ó participante máis novo e o máis veterano que logre concluír a proba da súa categoría.

Os trofeos non serán acumulativos.

PREMIOS EN METÁLICO

PREMIOS INDIVIDUAIS

Tres primeiros clasificados da clasificación xeral formada polas categorías SUB 20, SUB 23, SENIOR e MASTER

1º Clasificado/a:	200 €	
2º Clasificado/a:	120 €	(Iguais para
mulleres e homes)		
3º Clasificado/a:	75 €	

PREMIOS POR CLUBES FEDERADOS*

Computarán os corredores das categorías SUB 20, SUB 23, SENIOR e MASTER

1º Equipo Clasificado:	200 €
2º Equipo Clasificado:	150 €
3º Equipo Clasificado:	100 €

*A clasificación por clubs federados será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta. Os clubs federados, para optar aos premios en metálico, estarán formados por aqueles que na inscrición individual indiquen ao club que pertencen e o número de licencia. A confección dos equipos poderá ser mixta, masculina ou feminina, pero todos puntuarán nunha soa clasificación.

Haberá servizo de duchas na piscina municipal “ O Muiño” a disposición de tódolos atletas ao finalizar as probas. (Ubicación: <https://acortar.link/W0B4kx>)

Tódolos atletas que logren concluír a proba recibirán avituallamento e unha camiseta conmemorativa do evento.

As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

8. USO DATOS E DEREITOS DE IMAXE

Todos/as os/as participantes no momento de realizar a súa inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación...) Todos os dereitos de imaxe pertencen ao organizador (Concello de Ordes).

Máis información nas páxinas web:

- www.ordes.gal
- www.atletismo.gal
- www.carreirasgalegas.com

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial de la Federación Galega de Atletismo e por medio da súa inscrición a persoa participante consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, por medio de escrito ao correo electrónico a la Federación Galega de Atletismo, Avda. de Glasgow 13, 15008 A Coruña.